



## CONCELLO DE OURENSE

**PREGO DE CONDICIÓN ADMINISTRATIVAS QUE HAN DE REXER O PROCEDIMENTO ABERTO PARA CONTRATAR O CONTROL, MANTEMENTO E EXPLOTACIÓN DA AREA TERMAL DE OUTARIZ E BURGA DE CANEDO INCLUINDO A EXPLOTACIÓN DUN KIOSKO BAR, CONTRATO RESERVADO A CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO E EMPRESAS DE INSERCIÓN SOCIOLABORAL.**

### **1.- OBXECTO**

É obxecto da presente contratación regular a adjudicación, mediante procedemento aberto o control, mantemento e explotación da area termal de Outariz e Burga de Canedo incluíndo a explotación dun kiosko bar.

### **2.- NATUREZA DO CONTRATO E RÉXIME XURÍDICO**

O contrato ten natureza de contrato administrativo especial incluíndo autorización para a explotación do Kiosko bar.

Este contrato rexeráse polo disposto no presente Prego de cláusulas administrativas particulares e, sen perxuízo do disposto noutras disposicións de carácter xeral, naquelo non previsto estarase á normativa vixente en materia de contratación das Corporacións Locais, en especial as seguintes normas:

- Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.
- Real Decreto 817/2009 de 8 de maio polo que se desenvolve parcialmente a lei 30/2007
- Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro
- Lei 33/2003 de 3 de novembro do Patrimonio das Administracións Públicas
- Lei 3/1985 do Patrimonio da C.A. Galicia
- Lei 7/1985, 2 de abril, reguladora bases réxime local
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, 18 de abril, texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local
- Lei 5/1997 de Administración local de Galicia
- Real Decreto 1372/1986, Regulamento de bens das Entidades Locais de 13 de xuño de 1986
- Decreto de 17 de xuño de 1955, Regulamento de servizos das Corporacións Locais

### **3.- NECESIDADES ADMINISTRATIVAS A SATISFACER MEDIANTE O CONTRATO**

Serán fins deste contrato manter e conservar a area termal en condicións sanitarias e de uso adecuadas, así como dar servizos de control, información e restauración aos usuarios das termas.

Os traballos que inclúe este contrato son os determinados no prego técnico que terá carácter contractual.



## CONCELLO DE OURENSE

### **4.- FORMA DE ADXUDICACION**

O contrato adxudicarase polo procedemento aberto.

### **5.-DURACION DO CONTRATO**

O contrato terá unha duración de 2 anos, a contar dende a data da sinatura da acta de iniciación do servizo. Poderá haber dous prórrogas expresas de un ano cada unha. Unha vez vencido o contrato a totalidade da obras, equipamentos e instalacións reverterán en favor do Concello en perfecto estado de conservación e libre de calquera carga ou gravame.

### **6.- FINANCIAMENTO**

Correrán por conta do adxudicatario todos os gastos da explotación, mantemento, e conservación da zona afectada.

O Concello non avalará ningún tipo de operación de crédito nin participará en forma ningunha no financiamento das obras e/ou explotación.

### **7.- CANON**

O canon que anualmente satisfará o concesionario ao Concello será o ofrecido polo concesionario na proposición económica. O canon se aboará da seguinte maneira:

O canon correspondente ao primeiro ano, dentro do mes seguinte a sinatura do contrato.

O seguinte canon: dentro do mes seguinte a la que se cumpla o ano de contrato.

### **8.- CAPACIDADE PARA CONCORRER**

Só poderán acudir a esta licitación os centros especiais de emprego e as empresas de inserción laboral sempre que a súa finalidade ou a súa actividade de acordo coas súas normas reguladoras, estatutos o regras fundacionais, teña relación directa co obxecto do contrato.

Poderán concorrer a esta licitación as persoas que sendo centros especiais de emprego ou empresas de inserción laboral teñan plena capacidade de obrar e acrediten a súa solvencia económica e financeira e técnica e non estean incurso en causa de prohibición ou incompatibilidade.

Os que acudan á licitación poderán facelo por si ou por persoa autorizada, mediante poder bastante, e sempre que non estén incurso en causa de prohibición ou incompatibilidade.

### **9.- PRESENTACION DE PROPOSICIÓNS: FORMA, PRAZO, LUGAR E CONTIDO**

A proposición presentarase en calquera das formas admitidas en dereito, no Rexistro Xeral do Concello de Ourense, en sobre pechado e asinado polo licitador e no que porá a inscrición **“PROPOSICION PARA TOMAR PARTE NO CONTRATO DE**



## CONCELLO DE OURENSE

### **CONTROL, MANTEMENTO E EXPLOTACIÓN DA AREA TERMAL DE OUTARIZ E BURGA DE CANEDO INCLUINDO A EXPLOTACIÓN DE KIOSKO BAR, CONTRATO RESERVADO A CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO E EMPRESAS DE INSERCIÓN SOCIOLABORAL.”**

As proposicións presentaranse no prazo de 15 días naturais contados a partir do seguinte ao data da publicación do anuncio da contratación no DOGA o BOP.

Así mesmo, as ofertas poderán ser presentadas por correo. Neste caso, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na secretaría de Correos e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, fax ou telegrama no mesmo día. Sen concorrencia da ámbolos dous requirimentos non será admitida a documentación se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade a data e hora do remate do prazo de presentación de proposicións. Transcorridos, non obstante, os dez días seguintes desde a data de finalización de presentación de proposicións sen recibirse a documentación, esta non será admitida en caso ningún.

Toda proposición se presentará por calquera das formas validamente admitidas en dereito, en sobre pechado e asinado polo licitador. Dentro deste sobre xeral incluíranse os seguintes sobres pechados e todos eles asinados polo licitador:

#### **SOBRE 1º: DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA: Conterá a seguinte documentación:**

**Doc. 1: Presentación do contratista.** Débese completar una folla cos seguintes datos:

- Razón social da empresa:
- CIF, NIF ou NIE:
- Dirección física da empresa:
- Provincia:
- Cidade:
- Rúa/estrada:
- Núm./Km.:
- Código postal:
- Teléfono:
- Fax:
- Correo electrónico:
- Nome do representante legal e núm. do DNI:
- Persoa de contacto:
- Número total de traballadores da empresa:
- Sector:

**Doc. 2.- Documentos que acrediten a personalidade do licitador e a súa condición de centro especial de emprego o empresa de inserción laboral :** D.N.I., estatutos, regras fundacionais ou escritura de constitución ou modificación, debidamente inscrita no Rexistro Mercantil. Os que comparezan ou asinen proposicións en nome doutro deberán presentar D.N.I. e poder debidamente validado pola **Asesoría Xurídica do Concello de Ourense**. Ademais deberá presentar documentación que acredite a súa condición de Centro Especial de Emprego e su inscrición no Rexistro Administrativo de Centros Especiais de Emprego o



## CONCELLO DE OURENSE

documentación que acredite a súa condición de empresa de inserción laboral registrada conforme o Decreto 156/2007 de 7 de xullo.

**Doc. 3.- Declaración responsable de non estar incurso en cláusula de incompatibilidade, incapacidade ou prohibición** para contratar conforme ao artigo 49 da LCSP, que comprenderá expresamente a circunstancia de estar ao corrente do cumprimento das seguintes obrigas:

- 1.- Coa Seguridade Social.
- 2.- Co Estado en materia tributaria.
- 3.- Co Concello de Ourense, acreditando que non ten débeda ningunha co mesmo.

**Doc. 4.- Xustificación da solvencia técnica e económica** mediante a xustificación dos principais servizos realizados nos tres últimos anos e informe de institucións financeiras.

**Doc. 5.- Rexistro de Contratistas.** De conformidade co artigo 35.3 da Ley 15/20010 do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, certificado de inscrición no rexistro de contratistas..

**SOBRE 2º: DOCUMENTACIÓN TÉCNICA:** Conterá a seguinte documentación:

**Doc.1.- Memoria explicativa da forma de prestación do servizo**, con expresión detallada dos medios persoais e materiais que empregará, así como determinación de días e horario de apertura e peche e servizos que prestará aos usuarios.

**Doc. 2.-** Relación de servizos a prestar e tarifas a cobras aos usuarios das mesmas.

**SOBRE 3º: PROPOSICIÓN ECONÓMICA:** Conterá exclusivamente a proposición económica axustada ao modelo inserto ao final deste prego.

### **10.- APERTURA DE PROPOSICIONES Y MESA DE CONTRATACIÓN. -**

A mesa de contratación estará formada polo Concelleiro de Termalismo que a presidirá, a Concelleira de Benestar Social, o Interventor Municipal e o asesor xurídico do Concello, actuando como secretario a Xefa de Sección de Infraestructuras

Suplentes: A Concelleira de Infraestructuras (Presidente), a Concelleira de Limpeza, a Técnico de Intervención, a Viceasesora Xurídica e o xefe de negociado de Infraestructuras (Secretario).



## CONCELLO DE OURENSE

A mesa de contratación poderá solicitar antes de formular a proposta, os informes técnicos que considere necesarios que teñan relación co obxecto deste contrato.

A mesa de contratación, calificará previamente os documentos presentados en tempo e forma contidos no sobre núm. 1. Si observase defectos materiais na documentación presentada s comunicará aos interesados, e concederá un prazo de 3 días para que o licitador enmende o erro.

O acto de apertura de proposicións do sobre núm. 2 terá lugar nun prazo no superior a 7 días a contar dende a apertura da documentación administrativa. Este acto será público e a determinación do día e hora realizarase por anuncio no PERFIL DO CONTRATANTE ([www.ourense.es](http://www.ourense.es)).

A apertura do sobre 3 realizarase unha vez evaluados os criterios no cuantificables automaticamente. Este acto igualmente será público y anunciarase no PERFIL DO CONTRATANTE ([www.ourense.es](http://www.ourense.es))

### **11.- CRITERIOS DE ADJUDICACIÓN.-**

Os criterios que han de servir de base para a adjudicación son os seguintes:

#### **Mayor canon ofertado, hasta 70 puntos**

Se aplicará a fórmula de valoración:

$$P_i = 70 \cdot \text{Of}_i / \text{Of mayor}$$

Onde:

$P_i$  = puntuación a atribuir a oferta  $i$

Of mayor: oferta que máis canon oferta

$\text{Of}_i$  = oferta que se valora

#### **Memoria, servicios y Tarifas hasta 30 puntos**

Terá o contido sinalado: valorarase especialmente a coherencia interna do estudo e en xeral todo aquilo que implique un maior coñecemento dos servizos a prestar.

### **12.- ORDENACION DAS OFERTAS**

O órgano de contratación clasificará as proposicións presentadas por orde decrecente, segun dos criterios de negociación sinalados no artigo anterior e requerirá ao licitador mais ventaxoso para que dentro do prazo de dez días hábiles seguintes a contar dende o seguinte a aquel en hubiere recibido o requerimento, presenta a seguinte documentación:

1. Certificación administrativa, expedida polo órgano competente, de estar ao corrente das súas obrigas tributarias, que comprenda os seguintes termos: ter presentado as declaracións ou documentos de ingreso do IRPF ou IS; as declaracións de pagamentos fraccionados, a conta e retencións que procedan; as



## CONCELLO DE OURENSE

declaracións periódicas do IVE, así como a declaración resumo anual; certificación de non existir débeda de natureza tributaria en período executivo co Estado, Comunidade Autónoma e Concello de Ourense; e xustificación de estar dado de alta e ao día no IAE, mediante a presentación do último recibo.

2. Certificación administrativa, expedida polo órgano competente, sobre o cumprimento das obrigas da Seguridade Social, acerca de: estar inscrita e en alta no sistema de Seguridade Social e, de se tratar de empresa individual, afiliado e en alta no réxime que lle corresponda por razón da súa actividade; ter afiliado e dado de alta aos seus traballadores; ter presentado os documentos de cotización; e estar ao corrente no pagamento das cotas e doutras débedas coa Seguridade Social.

### **12.- GARANTÍA DEFINITIVA**

En idéntico prazo ao sinalado no artigo anterior o licitador acreditará a constitución da garantía definitiva polo importe de 6.000,00 €

### **13.- ADXUDICACIÓN:**

Presentada a documentación administrativa e a garantía, o órgano de contratación adxudicará motivadamente o contrato. A adxudicación se notificará aos interesados e se publicará no perfil do contratante.

### **14.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO:**

O contrato formalizarase en documento administrativo no prazo de 15 días hábiles, a contar desde o seguinte ao da notificación da adxudicación e publicarse na maneira legalmente establecida.

### **15.- INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**

A. Son infraccións leves:

- Retrasos no cumprimento das obrigas xenéricas.
- Non gardar o debido decoro e corrección cos usuarios
- Desobediencia a ordes do Concello
- Non manter a zona en debidas condicións de limpeza.
- O retraso de horarios de prestación de servizos.
- Outras infraccións que non deban ser consideradas con faltas graves ou moi graves.

Pola comisión de infraccións leves o Concello poderá impoñer multas de ata 300 euros.



## CONCELLO DE OURENSE

### B. Son infraccións graves:

- A reiteración de infraccións leves.
- Incumprimento do horario e días de apertura.
- Actuacións que dean lugar á depreciación da instalación.
- Exercicio de actividades non concedidas ou uso anormal do ben.
- Cobrar aos usuarios prezos superiores aos autorizados
- Incumprimento da normativa aplicable a este tipo de establecementos.
- Os incidentes cos usuarios de carácter grave ou reiterados. reiteración de faltas leves.

Pola comisión de infraccións graves o Consello Municipal de Deportes poderanse impoñer multas de ata de 600 euros.

### C. Son infraccións moi graves:

- Interromper a actividade por prazo superior a 15 días, sen a debida xustificación.
- Incumprimento reiterado do horario e días de apertura.
- Resistencia ás inspeccións técnicas do Concello.
- Desobediencia das ordes de manter o lugar en condicións de seguridade, salubridade e ornato público.
- Reiteración de faltas graves
- Non pagamento do canon
- A cesión en todo ou parte da actividade obxecto de concesión, sen a previa autorización expresa do Concello.
- O incumprimento das normas laborais e hixiénico-sanitarias.

A comisión de infraccións moi graves pode sancionarse con multa de ata 1.000 euros ou coa resolución do contrato.

## **16.- EXECUCIÓN A RISCO E VENTURA DO CONTRATISTA**



## CONCELLO DE OURENSE

Este contrato entenderase realizado a risco e ventura do concesionario, sen que este poida solicitar a alteración do prezo ou indemnización ningunha.

### **17.- RESPONSABILIDADE DO CONTRATISTA**

O contratista será o único responsable do funcionamento e conservación das instalacións, así como dos danos causados aos usuarios pola actividade obxecto de contrato.

### **18.- CUMPRIMENTO DA NORMATIVA**

O contratista vén obrigado a cumprir a normativa laboral e demais leis especiais. Declárase expresamente que o Concello de Ourense non manterá relación xurídica, laboral ou de calquera outra índole co persoal que poida contratar o concesionario, nin durante a vixencia da concesión nin ao termo da mesma, nin se subrogará o mesmo.

### **19.- XURISDICION COMPETENTE**

Todas as incidencias que xurdan sobre a interpretación, modificación, execución e resolución do contrato resolveranse ante os tribunais Contencioso administrativo, con xurisdición en Ourense.

### MODELO DE PROPOSICION

D/a \_\_\_\_\_, provisto do D.N.I.núm. \_\_\_\_\_, con domicilio en \_\_\_\_\_ en nome propio ou en representación de \_\_\_\_\_ segundo acredita con poder bastanteado que acompaña, coñecedor do proxecto, orzamento, pregos de condicións e demais documentos do expediente, para contratar mediante procedemento aberto o control, mantemento e explotación da area termal de Outariz e Burga de Canedo incluíndo a explotación de kiosko bar, comprométese a realizala, con estrita suxeición ás condicións citadas ofrecendo:

Canon anual \_\_\_\_\_ €

Acompaña todos os documentos esixidos no Prego

(Lugar, data e sinatura)





# CONCELLO DE OURENSE

## ANEXO I

### MODELO DE AVAL

La entidad (razón social de la entidad de crédito o sociedad de garantía recíproca) \_\_\_\_\_ NIF \_\_\_\_\_ con domicilio (a efectos de notificaciones y requerimientos) en \_\_\_\_\_ en la calle/plaza/avenida \_\_\_\_\_ C.P. \_\_\_\_\_ y en su nombre (nombre y apellidos de los Apoderados) \_\_\_\_\_  
 Con poderes suficientes para obligarle en este acto, según resulta del bastanteo de poderes que se reseña en la parte inferior de este documento.

### AVALA

A (nombre y apellidos o razón social del avalado) \_\_\_\_\_ NIF \_\_\_\_\_ en virtud de los dispuesto en el Título IV del Libro I de la Ley 30/2007, de 30 de octubre, de Contratos del Sector Público, con los requisitos establecidos en los artículos 55 y siguientes del Real Decreto 1098/2001, de 12 de octubre, para responder de las obligaciones siguientes: (garantía provisional para poder tomar parte en la licitación \_\_\_\_\_ ó garantía definitiva para responder del cumplimiento del contrato de \_\_\_\_\_)

Ante el Ayuntamiento de Ourense, por importe de : (en letra) \_\_\_\_\_ Euros (en cifra) \_\_\_\_\_ Euros.

La entidad avalista declara bajo su responsabilidad, que cumple los requisitos previstos en el artículo 56.2 del Reglamento General de la Ley de Contratos de las Administraciones Públicas. Este aval se otorga solidariamente respecto al obligado principal, con renuncia expresa al beneficio de excusión y con compromiso de pago al primer requerimiento del Ayuntamiento de Ourense, con sujeción a los términos previstos en la legislación de contratos de las Administraciones Públicas, en sus normas de desarrollo y en la normativa reguladora de la Caja General de Depósitos.

El presente aval estará en vigor hasta que el Ayuntamiento de Ourense o quien en su nombre sea habilitado legalmente para ello autorice su cancelación o devolución de acuerdo con lo establecido en la Ley de Contratos del Sector Público.

(lugar \_\_\_\_\_ y \_\_\_\_\_ fecha)

(razón social de la entidad) \_\_\_\_\_  
 (firma de los apoderados)

BASTANTEO DE PODERES POR LA ASESORÍA JURÍDICA DE LA C.G.D O ABOGACÍA DEL ESTADO		
Provincia:	Fecha:	Número o Código:



# CONCELLO DE OURENSE

## ANEXO II

### MODELO DE CERTIFICADO DE SEGURO DE CAUCIÓN

Certificado número .....

\_\_\_\_\_ (en adelante  
asegurador), con domicilio en \_\_\_\_\_ calle/plaza/Avda.

C.P. \_\_\_\_\_ y N.I.F. \_\_\_\_\_ debidamente representado por don  
\_\_\_\_\_ (nombre y apellidos de los apoderados), con  
poderes suficientes para obligarle en este acto, según resulta del bastanteo de  
poderes que se reseña en la parte inferior de este documento.

#### ASEGURA

A (nombre y apellidos o razón social del asegurado) \_\_\_\_\_  
N.I.F./C.I.F. \_\_\_\_\_ en concepto de tomador del seguro, ante el  
AYUNTAMIENTO DE OURENSE, en adelante asegurado, hasta el importe de (en  
letra) \_\_\_\_\_ euros (en cifra) \_\_\_\_\_ euros, en los términos y  
condiciones establecidas en la Ley 30/2007, de 30 de octubre, de Contratos del Sector  
Público, normativa de desarrollo y pliego de cláusulas administrativas particulares por  
la que se rige el contrato .....

En concepto de garantía (provisional o definitiva) \_\_\_\_\_ para  
responder de las obligaciones, penalidades y demás gastos que se puedan derivar  
conforme a las normas y demás condiciones administrativas precitadas frente al  
asegurado.

El asegurado declara, bajo su responsabilidad, que cumple los requisitos  
exigidos en el artículo 57.1 del Reglamento General de la ley de Contratos de las  
Administraciones Públicas.

La falta de pago de la prima, sea única, primera o siguientes, no dará derecho  
al asegurador a resolver el contrato, ni que éste quedará extinguido, ni la cobertura del  
asegurador suspendida, ni éste liberado de su obligación, caso de que el asegurador  
deba hacer efectiva la garantía.

El asegurador no podrá oponer al asegurado las excepciones que puedan  
corresponderle contra el tomador del Seguro.

El asegurador asume el compromiso de indemnizar al asegurado al primer  
requerimiento del AYUNTAMIENTO DE OURENSE, en los términos establecidos en la  
Ley de Contratos de las administraciones Públicas y normas de desarrollo.

El presente seguro de caución estará en vigor hasta que el AYUNTAMIENTO  
DE OURENSE, o quién en su nombre sea habilitado legalmente para ello, autorice su  
cancelación o devolución, de acuerdo con lo establecido en la Ley de Contratos del  
Sector público y legislación complementaria.

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de

Firma:  
Asegurador

BASTANTEO DE PODERES POR LA ASESORÍA JURÍDICA DE LA C.G.D. O ABOGACÍA DEL ESTADO		
Provincia:	Fecha:	Número o Código: